



# CONCELLO DE MUXÍA

Teléfonos: 981.74 21 17 - 25 28 - 20 01 Fax: 981.742298  
Rúa Real nº 35 Código Postal: 15124 (A Coruña)  
Web: [www.concellomuxia.com](http://www.concellomuxia.com)



REDE DE  
TÉCNICOS  
DE EMPREGO  
DE GALICIA

## TR802G e TR802J -Programa APROL ECONOMÍA SOCIAL. Subvencións para o fomento do emprendemento en economía social

### Obxecto

Subvencións da Consellería de Economía, Emprego e Industria, en réxime de concorrencia non competitiva, coa finalidade de fomentar a incorporación de persoas desempregadas e persoas traballadoras temporais a cooperativas e sociedades laborais e proceder á súa convocatoria para o ano 2020.

### Características da axuda

Establécense os seguintes programas de axudas:

a) Programa I: **fomento do emprego en cooperativas e sociedades laborais** (procedemento TR802G).

**Contía da axuda:** carácter xeral: 6000€. Máximo 67.500€

b) Programa II: **fomento do acceso á condición de persoa socia** (procedemento TR802J). Este programa de subvencións está dirixido ao fomento do acceso á condición de persoas socias traballadoras ou de traballo, de cooperativas ou de sociedades laborais, así como ao fomento do acceso de persoas emprendedoras por conta propia á condición de socias de cooperativas. Este acceso facilítase mediante o financiamento das achegas económicas ao capital social que debe desembolsarse para a incorporación como socio ou socia.

**Contía da axuda:** ata 12.000 euros.

### Persoas beneficiarias

Poderanse acoller ás subvencións recollidas nesta orde, sempre que cumpran as condicións e os requisitos establecidos no correspondente programa de axudas:

a) As cooperativas e sociedades laborais para as actuacións previstas no programa I.

b) As persoas desempregadas, socias ou traballadoras de cooperativas ou sociedades laborais ou doutras empresas que se transformen nestas, para as actuacións previstas no programa II.

### Prazo de Solicitud

30 de setembro de 2020

Período de execución das accións : desde o 2 de outubro de 2019 ata o 14 de novembro de 2020

Orde: [https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2020/20200110/AnuncioG0424-161219-0012\\_gl.html](https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2020/20200110/AnuncioG0424-161219-0012_gl.html)

DOGA: 10 de xaneiro de 2020